



XUNTA
DE GALICIA

PROXECTO
ABALAR

Sesión 4: Metodoloxía didáctica na Aula Abalar






Indice

1. Aula Abalar
2. Metodoloxía e tecnoloxía
3. Aula
 1. Dúbidas relacionadas coas TIC
 2. Recursos que se poden empregar
 3. Aspectos a ter en conta para elaborar unha actividade
4. Experiencias de boas prácticas
 1. Wiki (wikipedia)
 2. Wiki do aula
 3. WebQuest
 4. Gimp
5. Debate: 20 razóns para non empregar as TIC en educación
6. Funcións: Coordinador Abalar, docentes, administración
7. Obradoiro Fase IV






- Que significa Proxecto Abalar?



Obxectivo: Aplicar a competencia dixital na aula, aplicando unha nova metodoloxía didáctica que integra as TIC e mellora o proceso de ensino-aprendizaxe



Metodoloxía



Ver Video: Tecnoloxía e Metodoloxía (Unipac) – 2.59'



Cando utilizar as tecnoloxías na aula?

Os recursos en sí non melloran o aprendizaxe, a súa eficacia depende das metodoloxías didácticas empregadas (Pere Marqués 2010)

Cando aporten algo ao proceso de ensino-aprendizaxe





Coñecemento tecnolóxico, pedagógico e disciplinar. Os tres círculos: disciplina, pedagogía e tecnoloxía, superpoñense xerando catro novas formas de contido interrelacionado.

<http://www.tpack.org>



- **A introdución das TIC quere dicir que xa non se poden utilizar outros métodos?**
 - Falso. As TIC hai que introducilas pero cando nos vaian a aportar algo o proceso de ensino-aprendizaxe.
- **Ten o profesor que dominar todo o que hai en Internet, todas as ferramentas, etc?**
 - Falso. O profesor ten que ensinar por competencias, para elo debe saber cal é o obxectivo que se busca coa tarefa prantexada e saber cómo levala a cabo.
 - Exemplo: nomear alumnado encargado de apoiar ós compañeiros nas dúbidas técnicas
- **A introdución das TIC cambia a imaxe dese profesor que o sabe todo?**
 - Verdadeiro, o profesor ten que cambiar a mente e recoñecer que non o sabe e o controla todo, que hai cousas que se él pode descoñecer, así o profesor pasa a ser o organizador e canalizador da actividade na clase, distribuíndo os recursos, as labores do alumnado, tempos, etcétera
 - Isto non ten porque facer que o profesor perda autoridade
- **E fundamental empregar o ordenador todo o tempo na clase?**
 - Falso. Soamente hai que utilizar o ordenador cando contribúa a mellorar o proceso de ensino/aprendizaxe.
 - Antes de usalo hai que saber moi ben para que o queremos usar.



Debate: *Facer un DAFO en grupos de X persoas 10 minutos as posible dúbdas que pode ter o profesorado en relación coa introdución das TIC.*

- Poñelas en común os portavoces de cada un dos

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades



O uso das TIC refírese soamente a empregar nas actividades **CONTIDOS CREADOS?**

Non, ademais de contidos creados a maior potencialidade das TIC está na creación de actividades por parte do alumnado, para isto pódense usar:

- Materiais das editoriais
- WebQuest
- Blogs de aula
- Wiki: para a súa creación e a consulta das mesmas
- Creación de presentacións
- Creación de carteis
- Creación de textos colaborativos
- Creación de mapas conceptuais
- Comunicación con foros, chats
- Uso da pizarra dixital para proxectar presentacións, videos, ...
- Actividades con mapas
- Creación de sonidos e videos
- Creación dunha radio escolar
- Creación dun xornal escolar,
-




3 Aula: Cómo realizo actividades coas TIC?

- Ter claro: Por qué quero facer esta tarefa?: **Obxectivo**
- Como a vou levar a cabo:
 - Como **distribuir as tarefas?**
 - Formar grupos de alumnos
 - Traballo individual
 - Grupos cun líder que transmite as conclusións obtidas
 - Unha tarefa de grupo, pero nun principio divídese a tarefa en varias partes, os alumnos traballan de xeito individual un anaco e despois teñen que cada un coa súa investigación ou aportación contribúen en realizar a tarefa final.
 - ...
 - Cómo **dispoñer os alumnos?**
 - En forma de U
 - Cada un na súa silla
 -
 - Asignación de **roles** no traballo en grupo: lider, comunicador, relator, todos co mesmo rol, ...
 - **Tempo** que lle imos adicar.
 - **Recursos** necesarios: hardware, software, libros, ferramentas para levar a cabo a actividade,...
- Cal vai a ser o **producto final** da tarefa (debate, documento, presentación, video, ...)



Nesta esquema baseado na presentación de Pere Marqués “29 modelos didácticos de uso da Aula 2.0” pódense ver diferentes usos das TIC no centro:





- Hai moitos profesores que levan empregando as TIC hai tempo e dos cales podemos seguir as súas experiencias
 - Recursos de referencia para o uso das TIC:

PRIMARIA

- ▶ El tinglado
- ▶ EducaconTic:
- ▶ Blog San Félix:
- ▶ Marifé Lara: (*recompilación de materiais*)
- ▶ CEIP de Palmeira.M^a Jesús Rodríguez Arenas:
- ▶ Materiais de Domingo Méndez:
<http://www.domingomendez.es/>
<http://domingomendez.blogspot.com/>
-

SECUNDARIA

- ▶ EducaconTic:
- ▶ IES Doña Jimena:
- ▶ Isabel Pérez:
- ▶ Lucía Álvarez:
- ▶ Chirón(grupo de profesores/as)
-



• Utilizando a Wikipedia/Galipedia (Wikimedia)

Artigo [Conversa](#) Ler [Editar](#) [Ver o historial](#) [Procurar](#)

Iván Costa Blanco

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Iván Costa Blanco, nado en [Moaña](#) en 1971, é un gaiteiro galego.

Biografía

Tivo diferentes mestres de *gaita* pero foi Nazario González "**Moxenas**" quen o iniciou no toque tradicional, tanto **aberto** como **pechado**. Estudou Ciencias da Educación de Oviedo coa especialidade de educación musical e, na actualidade, é mestre de música no **CEIP Seara de Moaña**. Estudou *zanfona* con **Anxo Pintos** na *Escola de Vigo* e, en canto á percusión galega, considérase autodidacta.

Entre os anos 1990 e 2002 participou en numerosos certames de gaiteiros gañando gran parte deles. A destacar: **Premio Mac Allan** (Francia 1991, 1º premio), **Prem Bellón** (Ferrol 1991 e 1999, 1º premio), Concurso de Soutelo de Montes (2000, 1º premio), Concurso Ricardo Portela (2002, 1º premio), Concurso da Estrada (1996, 1º premio) e Concurso de Ponteareas (1992, 1º premio)...

Tanto coa gaita coma coa zanfona ten participado en numerosas agrupacións ou espectáculos e ten colaborado en varias producións: Orquestra Nacional de Escocia: *As viaxeiras da Lúa* de **TVG**, *Galicia e as Cantigas de Santa María* por Antoni Rossell, "Antón o mexillón" (xogo interactivo), **Berrogüetto** (espectáculo 10.0)

Destaca tamén a súa faceta como compositor de música para gaita, con pezas que están no repertorio de gaiteiros galegos, e que son utilizadas habitualmente para concursos de gaiteiros, ou mesmo que foron gravadas por outros grupos do mundo do folk: **Soig Siberil**, **Quempallou**, **Cristina Pato**...

Ademais, algunha das obras de Iván Costa están no repertorio oficial do Conservatorio Profesional de Música de Vigo, na especialidade de gaita. E outras pezas pódense atopar en libros *Doce polainas enteiras* (Edicións do Cumio, 1998) e *De pano sedán* (Edicións do Cumio, 2003). Existe tamén unha recompilación da súa obra na colección *Ca onde o caderno nº 13* co nome de "Tocatas varias" corresponde á obra completa para gaita deste autor (Editorial Dos Acordes, 2007).

En 2006 editouse o seu primeiro CD en solitario co nome de *Ávrego* (Edicións do Cumio), un traballo que aporta melodías tradicionais e mais composicións propias no tempo intérprete de tódolos instrumentos que soan no disco.

Tamén colaborou nas gravacións dos discos *Fin de siglo* (1990), *Constantino Bellón* (varios), *Mestres da gaita* (1997), *Viola* (1998), *Doce Polainas enteiras* (1998), *D* (2003), *Bricania* (**Fianbola**, 2004), *Mar de Vigo* (**Sondeseu**, 2004), *Trastempo* (Sondeseu, 2007), Coplas para Iacia (**Xabier Díaz**, 2007) e *Nekiño* (Ghaita de pedra, 2009)

O último proxecto de Iván Costa estreouse o 2 maio de 2009 no Auditorio Municipal de Cangas. É o espectáculo de música e danza *Brama* do que se agarda unha versión **CD** e **DVD**.

Actualmente é membro dos grupos Orquestra folc *SonDeSeu* e *Sérra-lhe aí*. Participou nunha morea de proxectos: o conservatorio de Música tradicional da Escola de Vigo e a orquestra *Son de Seu*, traballos editoriais para a didáctica da gaita, recollida de pezas tradicionais por todo o país, espectáculos de música e danza...

Os seus méritos foron recoñecidos con varios premios: **Lorient**, **Constantino Bellón**, etc. e fai parte de múltiples xurados de certames musicais.

Véxase tamén

http://gl.wikipedia.org/wiki/Iv%C3%A1n_Costa_Blanco

Artigo sobre o gaiteiro Iván Costa, realizado polo Colexio de Quintela-Moaña:

(Ver: <http://www.educacontic.es/blog/el-gaiteiro->)



4

Exemplo Experiencia Wiki

Árboles de Xixón, do alumnado do IES Doña Jimena

Árboles de Gijón

Botánica Aplicada
DL. AS-6138.2006
988615 visitas

Zona de consulta
Lista de los árboles de la calle, plaza o parque:

Parque de Moreda

Trabajo realizado por

Abedul
García Tena, Carmen

Aliso italiano
Poladura de Lera, Isabel

Almez
García Tena, Carmen

Avellano
García Tena, Carmen

plano calles
parroquias
árboles
arte
investigadores

Didáctica
Álbum de fotos

Colaboramos

http://web.educastur.princast.es/proyectos/jimena/pj_francisa/asp2/botanica/calleforo.asp?page=25

XUNTA DE GALICIA



- **WebQuest (Cómo creala?.** *Asesoría TIC CFR Santiago Compostela*)
Para facer unha Web Quest, non é imprescindible estar conectado a Internet.

– WebQuest Infantil: O meu corpo.



– WebQuest Primaria: Dia do teu nacemento.
Mario Aller

O día do teu nacemento
 ¿Que cousas pasaban cando naciches?

Web-Quest de iniciación
 Educación Primaria

Mario Aller
 maller@edu.xunta.es
 [Web de Esmol]



– WebQuest Secundaria: Os refráns de xuño.

Jesús Orizales



– WebQuest: Introducción as WebQuest.
Bernie Dodge

Unha WebQuest Sobre WebQuests

Versión para sesiones de introducción á metodoloxía WQ



Práctica: Sistema solar

[Volver a inicio](#)

Vamos a crear un documento para poder entregar a nuestros alumnos en el que simulamos el Sistema Solar. A partir de las imágenes de los diferentes planetas y del Sol vamos a conseguir una composición realizando selecciones de las imágenes de los diferentes planetas para integrarlas en una sola imagen.

1º. Abrimos en GIMP la imagen "fondo.jpg" será la imagen de fondo sobre la que trabajaremos. En esta ocasión al imagen tiene un tamaño de 1800x884 píxeles, por lo que trabajaremos con un nivel de zoom del 50% para que nos quepa en la pantalla. La idea es colocar las otras imágenes sobre ésta, formando una composición nueva que simule el Sistema Solar.



2º. Vamos a duplicar la capa "Fondo" para poder trabajar sobre la nueva capa y preservar la anterior.

3º. Abrimos también la imagen denominada "sol.jpg" y comenzamos nuestra composición.



4º. En la Ventana imagen de "sol.jpg" hacemos una selección rectangular difuminada con un radio de 30 píxeles que encuadre la parte derecha de la imagen.

- Creación dun cartel do sistema solar.

- Partindo de fotografías dos planetas facer un cartel sobre o sistema solar.

<http://sites.google.com/site/luciaalvarezplastica/practica2>



Aporta os teus argumentos para apoiar ou rebater as seguintes afirmacións:

- 1) O alumno se dispersa, perde o tempo e non fai o que ten que facer.
- 2) Non dispoño do tempo necesario.
- 3) Non sei informática e non me apaño cos ordenadores.
- 4) Os equipos e a conexión non funcionan ben.
- 5) O alumnado copia sen ler e non aprende.
- 6) Non podo usar sitios web públicos onde o alumnado pode escribir barbaridades e danar a reputación do centro e a miña propia.
- 7) Non me vou a arriscar a utilizar medios que descoñezo cando o que fago habitualmente funciona ben.
- 8) O que os alumnos teñen que facer é prestar atención e entender ao que se lles explica.
- 9) A maior parte da información que hai en Internet non é fiable e non serve para facer un traballo de aprendizaxe contrastada.
- 10) As familias non van entender que se traballe doutro xeito e prefiren que o ensino sexa mediante métodos tradicionais.



5 Debate “20 razóns para non empregar as TIC en educación”

Aporta os teus argumentos para apoiar ou rebater as seguintes afirmacións:

- 11) Son docente e sei o que hai que ensinar e o que teñen que aprender sen necesidade de usar ordenadores. Xa teño suficientes dores de cabeza como para ter que utilizar ademais Internet.
- 12)O alumnado relaciona o ordenador co lecer; o uso de pantallas é o peor inimigo da aprendizaxe seria e organizada.
- 13)Non só o uso de ordenadores e Internet non me garante uns mellores resultados; estou convencido de que serán peores. E non poderei cumprir coa programación.
- 14) Xa utilizo vídeos e programas multimedia e dígolles que busquen cousas en Google, pero o único que fan é copiar da Wikipedia.
- 15)Non hai suficientes contidos e materiais creados para poder dar toda a programación con medios dixitais, que aínda non son suficientemente estables.
- 16)Non me gusta perder o control sobre o que fan os/as meus alumnos/as e non podo confiar en que vaian facer un uso responsable e seguro. Despois pediránme responsabilidades por calquera mal uso que poidan facer.
- 17)Non teño experiencia no uso deses novos medios, non sei ben o que teño que facer, ninguén me vai pagar o esforzo necesario para poder poñelos en práctica e terei que asumir as consecuencias si algo vai mal.
- 18)Teño pouca creatividade e non me gusta poñer materiais en público: arríscome á crítica e a que sexan utilizados sen o meu permiso.
- 19)Aos médicos da seguridade social ninguén lles pide que teñan un blog, que poñan o que saben nunha páxina web ou que atendan aos pacientes online. Por que agora aos profesores pídennos tamén que saibamos crear materiais multimedia? O médico prescribe a medicina, pero ninguén lle pide que a invente.
- 20)Os experimentos con gasosa. Mellor esperar a que innoven outros e demóstrase que é válido e funciona.



Funcións dos coordinadores Abalar

Técnicas

- Diagnósticos e xestión de incidencias
- Servidores: servizos e aplicacións
- Seguemento e avaliación


Formadoras

- Diagnóstico e xestión das necesidades formativas (Obradoiros)
- Emprego nas aulas dos recursos
- Integración nas programacións
- Apoio na formación do profesorado tanto a distancia como in-situ

Creadoras

- Apoio á creación de recursos
- Apoio á catalogación e xestión de recursos educativos/contidos do centro

- Non estás so!!





Funcións dos docentes das aulas Abalar

- Participar na detección de necesidades formativas do centro.
- Asistir ás reunións, relatorios e convocatorias realizadas pola persoa dinamizadora TIC e no seu caso pola persoa asesora do CFR coordinadora da actividade.
- Elaborar, seleccionar e poñer en práctica nas aulas os materiais que se traballen no obradoiro.
- Participar na elaboración da avaliación final do obradoiro, aportando aqueles datos que se lle requiran por parte da persoa dinamizadora TIC.



Funcións da administración

- Instalación dos compoñentes da aula Abalar. Mantemento do hardware e o software desta sala. Vixiancia do bo funcionamento dos equipos.
- Organizar a formación do profesorado implicado nestas aulas.
- Facilitar vías de comunicación entre os centros.
- Habilitar vías de comunicación entre os centros e a administración
- Proporcionar recursos e contidos dixitais apropiados para os niveis educativos nos que se instalan as aulas.
- Facer un seguemento do emprego da aula identificando os problemas máis comúns.
- Clasificación e difusión dos materiais e experiencias recollidos nos distintos centros.



7 Orientación do Curso-Obradoiro

- Duración: **50 horas**
- Horas de docencia: **8 horas**
- Datas: **Novembro – Maio**
- Distribución horaria: **realizada polo centro.**
- Funcións do coordinador no curso-obradoiro:
 - Coordinar e dinamizar o curso-obradoiro
 - Impartir as horas de docencia (*si quere, sinón búscaranse relatores externos*)
- Quen ten que asistir: **Todo o profesorado da aula Abalar.**



- **Obxectivo** do curso-obradoiro
 - Familiarizarse cos compoñentes da aula: *proxector dixital, pizarra dixital, carro de carga, netbooks, Internet, servidor de recursos*
 - Aprender a buscar e catalogar recursos didácticos
 - Orientar ó profesorado sobre ferramentas TIC con utilidade na aula, que axuden a realizar actividades de aplicación directa na aula.
(*Valéndose de experiencias de boas prácticas*)
- **Non é un curso de gnu/linux**: neste aspecto se traballará soamente en cómo xestionar arquivos, e executar as aplicacións instaladas.
- **Materiais obtidos no Obradoiro**: documentación de experiencias, ficha de actividades, actividades plantexadas, contidos realizados, ...



- Debate: En grupos de X persoas, discutide as posibles necesidades de formación do profesorado da aula Abalar
 - Prioriza estas necesidades.
 - Revisar as necesidades que xa están na Wiki e engade as que non estén na Wiki
- Indicar onde está o formulario para pasarlle o profesorado de “Detección de necesidades”



http://www.ceuandalucia.com/escuelaabierta/pdf/articulos_ea9/aznarez.pdf

<http://malmuze.wordpress.com/2006/10/09/metodologias-y-las-tics-todo-un-d>

<http://recursostic.educacion.es/buenaspracticas20/web/>

<http://www.proyectoagrega.es>

<http://internetaula.ning.com/>

<http://www.aulatic.com>

<http://www.edu.xunta.es/web/boletininformativo>

<http://recursostic.educacion.es/buenaspracticas20/apls/prinia>

<http://www.eskola20.org/prestakuntza/laguntzatutoretzak/cursobasico/modulo>

<http://es.creativecommons.org/licencia/>



**XUNTA
DE GALICIA**